

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 23

CONVOCATORIA

O equipo redactor encargado da revisión do PXOM de Vigo entregou o pasado 9 de decembro o documento que debe someterse a aprobación inicial. Dous días despois copias da documentación recibida entregáronse ós distintos grupos políticos municipais para o seu estudo.

Tendo concluído a tramitación administrativa que require o expediente nesta fase procedimental, procede non demorar por máis tempo o necesario coñecemento e consideración que o Concello Pleno debe ter do documento mencionado. Con este fin esta Alcaldía, ó abeiro do sinalado no art. 123.4.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e do art. 80.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, convoca SESIÓN EXTRAORDINARIA para o próximo día 30 de decembro ás NOVE HORAS, no Salón de Plenos deste Concello coa seguinte ORDE DO DÍA:

UNICO.- Proposta para a aprobación inicial do documento para a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión EXTRAORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día TRINTA DE DECEMBRO, para resolve-los asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

kv

Vigo, 27 de decembro de 2004

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.